



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 81/142

Asunto: Formación das liñas fundamentais do Orzamentos

Ano: 2024

Solicitud: Ministerio de Facenda e Función Pública

Normativa

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro

Xustificación

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que con carácter anual remitirase a seguinte información:

1. Antes do 1 de outubro de cada ano:

- As liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte ou dos estados financeiros.
- O estado de previsión de movemento e situación da débeda.
- A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos das liñas fundamentais do Orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2023 08:25	Páxina 1 de 3
81-142	CSV: ABA931-A78AED-298538-7T4YU7-8K4K32-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 81/142

d) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra do gasto e do límite de débeda.

Tendo en conta os requirimentos e a data de remisión da mesma, adoptase a seguinte Resolución:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, o Ministerio de Facenda solicita a través da oficina virtual coa data límite do 14 de setembro, a remisión das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2024, polo que,

DISPOÑO

PRIMEIRO.- Que en virtude da Delegación da área, Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 123 de 27 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023, sobre as Delegacións de competencias, será o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda quen elabore as directrices sobre a formación das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2024.

SEGUNDO.- En cumprimento do contido da Resolución do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal e Contratación de data 25/02/2016, solicítase da Dirección Superior Contable e Orzamentaria, a elaboración e os documentos para a aprobación das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2024 e proceda a súa incorporación á plataforma do MINHFP para a súa sinatura polo Sr. Interventor Xeral.

TERCEIRO.- Formúlese proposta para a súa aprobación por Resolución da Alcaldía Presidencia.

CUARTO.- Remítase o expediente á Intervención por si tivese que emitir informe sobre a proposta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2023 08:25	Páxina 2 de 3
81-142	CSV: ABA931-A78AED-298538-7T4YU7-8K4K32-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 81/142

QUINTO.- Incorpórese proxecto de Resolución para a súa aprobación.

SEXTO.- Unha vez que se teña tramitado o expediente, será o Sr. Interventor a quen lle corresponda a sinatura electrónica e remisión da información dentro do prazo previsto, que remata o día 14 de setembro ás 24 horas.

SÉTIMO.- Dese conta ao Pleno da Corporación da Resolución de aprobación das Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2024.

En Vigo, a data da sinatura electrónica:

O Tesoureiro Municipal-Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Alvarez

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira.

Delegación da área, Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 123 de 27 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.

O ALCALDE:

ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe, a Secretaria Xeral da Xunta de Goberno Local: Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2023 08:25	Páxina 3 de 3
81-142	CSV: ABA931-A78AED-298538-7T4YU7-8K4K32-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>